



**gáliz**

Asociación Galega do  
Libro Infantil e Xuvenil



ORGANIZACIÓN ESPAÑOLA PARA EL LIBRO INFANTIL Y JUVENIL

**oepli**



## CONCURSO DÍA DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL 2017 “ANDERSEN HOXE”

Este concurso é convocado, con ocasión do DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL, pola Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil, xunto coas súas catro seccións: Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX), Consejo General del Libro Infantil y Juvenil, Consell Català del Llibre Infantil i Juvenil (ClijCAT) e Galtzagorri Elkarte, co patrocinio do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

### PARA PARTICIPAR:

1. Poden participar todos os lectores e lectoras que estean a cursar Primaria ou primeiro ciclo de Secundaria, **a través das Bibliotecas Municipais de Cambre.**
2. Escoller, dun libro en galego xa lido polo/a participante, un personaxe dun dos contos de Andersen.
3. Facer un debuxo dese personaxe, tal como o imaxinaría Andersen se escribira o conto na actualidade. Valorarase a orixinalidade, así que non se deben copiar posibles ilustracións!
4. Realizarase nunha plantilla que se pode recoller nas Bibliotecas Municipais de Cambre. Xunto co debuxo deberá engadir un breve texto manuscrito que non exceda os 140 caracteres, explicando o motivo polo que o/a participante escolleu ese personaxe e as súas características.
5. Os traballos deberán entregarse directamente ou remitilos por correo electrónico a calquera das Bibliotecas Municipais de Cambre, **do 1 ao 25 de marzo de 2017**, ámbolos dous incluídos.
  - \* Biblioteca Central de Cambre: [bibliotecacambre@cambre.org](mailto:bibliotecacambre@cambre.org)
  - \* Biblioteca M Os Templarios: [bibliotecaostemplarios@cambre.org](mailto:bibliotecaostemplarios@cambre.org)
  - \* Biblioteca M Xabier P. Docampo: [bibliotecaxabierdc@cambre.org](mailto:bibliotecaxabierdc@cambre.org)
6. Cada biblioteca seleccionará un máximo de tres traballos por categoría para enviar a Gáliz. Os non seleccionados serán expostos na biblioteca.
7. Establécese un premio para cada unha das seguintes categorías e ámbitos lingüísticos:
 

# Primeiros lectores (1º, 2º e 3º de Primaria)	# Lectores avanzados (4º, 5º e 6º de Primaria)	# Superlectores (1º e 2º de Secundaria)
--	--	---
8. Cada un dos premios estará dotado cun diploma e un lote de libros para as e os premiados e para a biblioteca que presente os traballos.
9. O xurado cualificador estará integrado por representantes de cada unha das seccións da OEPLI.
10. O veredicto do premio terá lugar no mes de xuño e a entrega dos premios realizarase nas sedes de cada unha das seccións da OEPLI.
11. Non se devolverán os orixinais aos seus respectivos autores e autoras unha vez rematado o concurso. A OEPLI poderá empregar os debuxos gañadores en diferentes soportes e usos relacionados co DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL, previa autorización de pais/titores, sen que iso supoña a obtención dalgún tipo de retribución para os/as concursantes.
12. A presentación dos orixinais para o concurso supón a aceptación e conformidade coas presentes bases.